

# Memoria de Actividades Proxecto Ríos 2021

**Memoria Actividades 2021**
Coordinación e maquetación: Paco Bañobre
Realización: Paco Bañobre e Ramsés Pérez
Fotografía.: Ramsés Pérez e Paco Bañobre

**Proxecto Ríos**
Avd Castelao nº 20
15704 Santiago de Compostela
www.proxectorios.org

1. Introdución.
2. Memoria de actividades.
   - Participación do voluntariado no Proxecto Ríos
   - Saídas Formativas
   - Charlas presentación do Proxecto Ríos
   - Asistencia a xornadas e congresos
   - Cursos de Formación
   - Campos de Voluntariado Ambiental do Río Tea
   - Roteirríos 2021
   - Encontro de Voluntariado
   - Limpeza Smultánea de Ríos
   - Gravación vídeos do Proxecto Ríos
   - Proxecto Erasmus+ Living Rivers
   - Life INVASAQUA e Interreg DiaES
   - Comunicación
3. Materiais Editados.
4. Anexos.
   - Aparición nos medios de comunicación
   - Memoria fotográfica das actividades
   - Memoria económica

# 1. Introdución

No ano 2005 comeza a andaina do Proxecto Ríos en Galicia que é coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A finalidade é dar a coñecer a situación ambiental dos nosos cursos fluviais, incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e ofrecer solución aos problemas asociados á auga e aos ríos. ADEGA pretende converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental. O Proxecto Ríos está promovido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través do organismo Augas de Galicia e pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio.

A finalidade é dar a coñecer a importancia dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas aos mesmos. O obxectivo xeral do Proxecto Ríos é ensinar e transmitir bos comportamentos aos cidadáns para a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

En canto aos obxectivos específicos do proxecto, a relación é a seguinte:

- Mostrar aos participantes as responsabilidades ambientais que teñen con relación ás augas, como non contaminalas e axudar á súa conservación.
- Ensinar a identificar a flora e fauna dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, informando aos participantes do seu papel nese ciclo.
- Facilitar o material específico necesario e persoal indicado para realizar as inspeccións.
- Motivar para aprender a relacionar elementos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc.
- Dispoñer dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental e facilitar o acceso aos participantes.
- Fomentar a educación ambiental nos concellos, ofrecendo actividades para diferentes grupos sociais.



alros Silvar en Guía dos Anfibios e Réptiles de Galicia. Baía Edicións
Lagarto das silveiras, Lacerta schreiberi
Tamaño: ata 14 cm
Hábitat: ambientes húmidos, pasteiros,
Cobra sapeira ou viperina, Natrix maura
Tamaño: 100 cm
Hábitat: vive moi preto ou dentro da auga. Atópase
en ríos, torrentes, pozas, lagoas, pantanos, lodos...,
prefire augas quedas. Boa nadadora
Distribución: toda Galiza, moi abundante nas zonas
máis meridionais.
Cobra de colar, Natrix astreptophora
Tamaño: poden acadar os 2 m
Hábitat: ocupa hábitats moi diversos. Atópase
en zonas húmidas con bosque aberto,
pantanos ou incluso en prados con silveiras. É
unha boa nadadora
Distribución: toda Galiza

# 2. Memoria de actividades

## 2.1: Participación do voluntariado.

En canto ás actividades desenvolvidas en 2021, continuouse cos obxectivos de consolidación da participación cidadá arredor dos cursos fluviais. Editouse o CalendaRío 2021 no que aparecen as actividades centrais do programa.

Nas seguintes páxinas expóñense as actividades realizadas en 2021.

Participación do voluntariado no Proxecto Ríos

Na actualidade (novembro 2021) hai 442 grupos participando no Proxecto Ríos, que se distribúen por provincias, tal e como amosa a seguinte figura:

Durante o ano 2021 incorporáronse ao Proxecto Ríos 15 novos grupos.




A progresión na participación está reflectida na seguinte gráfica:



A tipoloxía dos grupos participantes no Proxecto Ríos está representada na seguinte figura. Os piares fundamentais do proxecto son os particulares, seguidos polos institutos de ensino secundario e as asociacións. En 2021 continuamos colaborando co Plan Proxecta da Consellería de Educación. A finais de 2021 e no primeiro trimestre de 2022 actualizaremos a base de datos do Proxecto Ríos, que reflectirá a participación real dos colectivos.




## 2.2: Saídas formativas.

As saídas formativas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. As saídas formativas constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río e na que tamén se realiza o esquema do treito inspeccionado. Ao longo do percorrido aproveitase para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar o patrimonio etnográfico e analizar os colectores que poidan aparecer no treito. O estudo dos colectores permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado así como tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de restos patrimoniais nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos se lle quere dar unha especial relevancia ó estudo dos mesmos facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os ríos.

Na segunda parte da inspección se escolle un punto de mostraxe representativo do treito elixido onde se farán as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos mídese a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia, así como o estado do bosque de ribeira (o cal se calcula a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. Nos parámetros químicos se miden o pH, a cantidade de nitratos e osíxeno disoltos na auga. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados presentes no substrato do río. Estes organismos son bioindicadores, o que permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos se asigna un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indica que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Dentro da duración das saídas realizase tamén a pé de río unha presentación sobre o Proxecto Ríos, sobre a metodoloxía de inspección e sobre aspectos relevantes que teñen que ver cos ríos e a súa xestión.

En 2021 realizáronse as seguintes saídas formativas, 50 en total:

CPI Mosteiro-Meis. Rego de San Tomé. 23/03/2021

IES Xelmirez II. Río Corgo. 24/03/2021

CFA Lourizán. Rego de Louriñas. 24/03/2021

CEIP Camiño inglés (Sigüeiro). Río Carboeiro/Tambre 07/04/2021

Colexio Martín Codax (Vigo). Río Lagares. 08/04/2021

IES Manuel García Barros (A Estrada). Río Barranqueira. 12/04/2021

CPI Pontecarreira (Frades). Río Tambre. 13/04/2021

IES Chano Piñeiro (Forcarei). Río Lérez. 14/04/2021

CPI Curz do Sar (Bergondo). Río Callou. 16/04/2021

Alumnos de Bioloxía da UDC (A Coruña). Río Lagar. 19/04/2021

Alumnos de Bioloxía da UDC (A Coruña). Río Lagar. 21/04/2021

IES Castro de Baroncelli. Río Támega. 27/04/2021

IES Castro de Baroncelli. Río Támega. 29/04/2021

IES Alfredo Brañas (Carballo).Rio Anllóns. 04/05/2021

Asociación Avelaíña (Baiona). Río Groba. 05/05/2021

AFA Montessori (Santiago de Compsotela). Río Sar. 05/05/2021

CIFP A Granxa (Ponteareas). Río Tea. 06/05/2021

IES Salvaterra (Salvaterra de Miño). Río Tea. 19/05/2021

Érguete Vigo. Río Lagares. 21/05/2021

IES San Rosendo (Mondoñedo). Río Valiñadares. 24/05/2021

CEIP Arcediago. Río Ulla. 25/05/2021

IES Faro das Lúas. Río Armenteira. 26/05/2021

UNED Lugo. Río Miño. 27/05/2021

CPI Virxe dos Remedios (Castro Caldelas). Río Edo. 27/05/2021

CEIP Sagrado Corazón (Celanova). Río Arnoia. 28/05/2021

Asociación Brisas do Quenllo (Tordoia). Río Viladabade. 30/05/2021

IES Xesús Taboada Chivite (Verín). Río Támega. 31/05/2021

Concello de Foz. Río Centiño. 04/06/2021

IES San Paio (Tui). Río Tripes. 09/06/2021

Colexio Nosa Señora de Xuvencos E Sociedade de Pesca de Boborás. Río Viñao. 18/06/2021

Obradoiro de emprego de Cambados. Río Umia. 10/06/2021

Concello de Dodro. Río Vigo. 19/06/2021

Aula do Veral (Lugo). Río Mera. 23/06/2021

Asociación Avelaíña (Baiona). Río Groba. 06/10/2021.

IES Chano Piñeiro (Forcarei). Río Lérez. 06/10/2021.

CEIP de Armenteira. Río Armenteira. 13/10/2021.

IES Francisco Asorey (Cambados). Rego pequeno. 26/10/2021

IES de Salvaterra: Río Tea. 27/10/2021.

CPI de Pontecarreira (Frades). Río Tambre. 28/10/2021.

Alumnado de Bioloxía da UDC. Río Lagar. 08/11/2021.

CIFP A Granxa (Ponteareas). Río Tea. 09/11/2021

CPI de Cuntis. Río Gallo.10/11/2021.

IES de Arzúa. Río Carracedo. 11/11/2021.

CEIP Lalin... Río Asneiro. 11/11/2021.

Alumnado UDC. Río Eume. 12/11/2021.

UNED Pontevedra. Río Sarela. 13/11/2021

Colexio Andersen (Vigo). Río Lagares. 16/11/2021.

IES de Brión. Río Pego. 16/11/2021.

Encontro Proxecto LivingRiver. Río Arnoia. 22/11/2021.

Asociación Érguete Vigo. Río Lagares. 25/11/2021

## 2.3: Charlas de presentación do Proxecto Ríos

Aínda que a páxina web e as redes sociais do proxecto son a canle de difusión por excelencia do mesmo, as charlas de presentación do Proxecto Ríos funcionan tamén como ferramenta de divulgación aínda que a finalidade última é que se formen grupos de voluntarios/as nunha zona concreta e traballen para mellorar a calidade dos ecosistemas fluviais da súa contorna.

As charlas consisten nunha presentación en PowerPoint onde se amosan os contidos do proxecto, os materiais a empregar nas inspeccións dos ríos, os pasos a seguir na realización das inspeccións, así como pautas para o correcto manexo dos materiais e actitudes positivas á hora de facer a saída ao campo. Logo, ábrese unha quenda de debate sobre aspectos que os asistentes consideren importantes relacionados cos ecosistemas fluviais.

Tamén, cando se concerta unha saída formativa cun grupo de voluntariado, se realiza unha introdución dos principios nos que se basea o proxecto, polo que podemos dicir que en cada saída formativa se fai tamén unha charla.

As conferencias con grupos ou entidades interesadas polo Proxecto Ríos foron no primeiro semestre de 2021 as seguintes:

- 25/03/2021. IES Agra de Raíces, Webinar con alumnado de 1º ESO.
- 04/06/2021. Concello de Foz.
- 16/09/2021. Concello da Laracha.

## 2.4: Asistencia a xornadas e congresos

Dentro das actividades desenvolvidas pola equipa que integra o Proxecto Ríos, está a asistencia a xornadas e congresos que teñan nos seus contidos temas relacionados cos ecosistemas fluviais, a auga, o voluntariado e a educación ambiental. A participación nestes eventos pode ser formativa para os asistentes e/ou participativa, presentando as actividades desenvolvidas polo Proxecto Ríos, participando en mesas de traballo, etc…

En 2021 asistimos a:

- Conferencia Ibérica do LIFE Invasaqua organizado pola ASPEA (Associação Portuguesa de Educação Ambiental). Benavente, 25, 26 e 27 de xuño de 2021
- Xornadas de consulta do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa: 04 de outubro de 2021 e 25 de outubro de 2021.



## 2.5: Cursos de formación

### XXXII Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 24 de abril de 2021. IES Xelmirez I (Santiago de Compostela).

O sábado **24 de abril** realizouse o curso de primavera do Proxecto Ríos, que xa vai pola súa edición número 32. Desta volta desenvolveuse nas instalacións do IES Arcebispo Xelmirez I en Santiago de Compostela.

Ás 10:30 foi a acollida dos/as participantes, e quince minutos máis tarde daba comezo o curso de formación cunha introdución ao Proxecto Ríos a cargo de Ramsés Pérez e Paco Bañobre, que falaron sobre as actividades previstas, os materiais que se editaron a comezos de ano e o estado do Proxecto Ríos.



Logo, Itzíar Díaz, compañeira de ADEGA comentou a situación do proxecto Living Rivers no que se desenvolve unha acción educativa arredor dos ríos con diferentes países europeos, dentro dos programas Erasmus+.

A continuación, desprazámonos ata o río Sarela para facer a recollida de macroinvertebrados que serían identificados despois no laboratorio do IES. O recoñecemento das diferentes familias fíxose empregando as fichas de identificación do Proxecto Ríos e o indicador de estado de saúde que utiliza o voluntariado.





Ás 14:30 chegou o momento da clausura do curso no que participaron 27 persoas.

## XXXIII Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 25 de setembro de 2021. IES de Brión (Santiago de Compostela).

O sábado, 25 de setembro, celebramos o curso de outono do Proxecto Ríos, que xa vai pola súa edición número 33. Desta volta realizouse nas instalacións do IES de Brión.

Ás 10:30 foi a acollida dos/as participantes, e un cuarto de hora máis tarde daba comezo o curso de formación cunha introdución ao Proxecto Ríos a cargo de Ramsés Pérez e Paco Bañobre, que falaron sobre as actividades previstas, os materiais que se editaron e o estado do Proxecto Ríos. Pódense ver as fotos da xornada nesta LIGAZÓN. Logo, Adrián Lamosa, da empresa Sorex, fixo unha presentación da nova App do Proxecto Ríos que servirá para enviar os resultados das inspeccións que realice o voluntariado, facilitando o rexistro dixital dos datos.



A continuación, e logo de facer probas cos computadores, móbiles e tablets das persoas participantes, achegámonos ate o río Pego para facer a recollida e identificación de macroinvertebrados, actividade central dos cursos de formación. Aproveitamos para poñer e uso tamén a App recien instalada nos dispositivos dos participantes.

Logo da identificación dos invertebrados, realizouse unha posta en común sobre as diferentes familias para darlle un estado de saúde ao río e comentar incidencias ou melloras que se lle poden incorporar á App durante o 2022.

Participaron neste curso 18 persoas.





## 2.6: Campos de voluntariado ambiental no río Tea

### Maio 2021

A fin de semana do 21 ao 23 de maio de 2021 tivo lugar o vixésimo terceiro campo de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora na contorna do río Tea. Estes campos céntranse na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon* cuxa presenza nas beiras deste río é moi abundante. Coa axuda das 15 persoas voluntarias que participaron nesta xornada conseguíronse eliminar os rebrotes das zonas nas que se traballou en anteriores xornadas.



A xornada comezou o venres 21 en no albergue Alentea en Covelo onde estivo aloxado o voluntariado durante a xornada. Alí, Ramsés Pérez e Paco Bañobre impartiron unha charla informando sobre a problemática das especies exóticas invasoras así como a situación pasada e actual do río Tea con relación a estas e os traballos realizados estes últimos doce anos.

Na mañá do día seguinte o voluntariado desprazouse ata o Foxaco, a medio camiño entre Covelo e Mondariz.Durante o camiño fomos atopando pes soltos doutras invasoras: *Phytolacca americana* e *Robinia pesudoacacia*, que foron eliminados.

Continuando o camiño chegouseá primeira das zonas intervidas en anos pasados. Esta estivo completamente inzada por manchas de *A. dealbata*, mais na actualidade está colonizadapor flora autóctona que comeza a repoboar a zona, deixando ao descuberto unha pequena praia fluvial. Esta mesma situación repetiuse en diferentes puntos a medida que se continuaba o percorrido ata chegar ás dúas zonas con presenza de rebrotes.





O proceso de eliminación da *A. dealbata* e *A. melanoxylon* consistiu en arrancar a planta de raíz, eliminando a maior cantidade posible, ou realizando un anel de descortizado (eliminar parte da cortiza do tronco en forma de anel para promover o secado da planta e, finalmente, a súa morte) naqueles exemplares de maior porte. A xornada durou todo o día. Púidose observar ademais que noutra zona tratada anteriormente pola presenza de manchas de bambú (*Phyllostachys* sp), o mesmo resultado que os anteriores, a completa ausencia desta especie en detrimento da flora autóctona, observando así como as nosas actuacións dan o seu froito. Neste lugar foron eliminados varios pes de *R. pseudoacacia*.

O domingo, para rematar, fíxose unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e o río Alén. O roteiro do Alén, incluído dentro da rede natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de amieiro (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e unha carballeira termófila caracterizada polo carballo (*Quercus robur*) e o loureiro (*Laurus nobilis*), unha das masasforestais máis ameazadas de Galicia, con presenza de moitos dos fentos que podemos atopar nas ribeiras dos ríos galegos. Un paseo que completou unha fin de semana de traballo, descuberta e conservación da nosa biodiversidade natural.







## Setembro 2021

A fin de semana do 10 ao 12 de setembro tivo lugar o vixésimo cuarto campo de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora na contorna do río Tea. Neste campo centrámonos na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon* cuxa presenza nas beiras deste río é moi abundante. Coa axuda das 13 persoas voluntarias que participaron nesta xornada conseguimos eliminar os rebrotes das zonas nas que se traballou en anteriores xornadas.




A xornada comezou o venres 10 en no albergue Alentea en Covelo onde nos hospedamos durante a xornada. Alí, Ramsés Pérez e María Amigo impartiron unha charla informando sobre a problemática das especies exóticas invasoras así como a situación pasada e actual do río Tea con relación a estas e os traballos realizados estes últimos doce anos.



Na mañá do día seguinte desprazámonos ata o Foxaco, a medio camiño entre Covelo e Mondariz, por onde discorre o río Tea atravesado polos marabillosos e máxicos Pasos de Tatín, construcións formadas por máis dunha vintena de pedras coidadosamente talladas e colocadas que nos permiten atravesalo río dunha beira a outra.



Despois dunha camiñada ao longo do río chegamos a primeira das zonas intervidas en anos pasados. Esta estivo completamente inzada por manchas de *Acacia dealbata*, e alegrounos ollar a ausencia de rebrotes e a presenza da flora autóctona comezando a repoboar a zona, deixando ao descuberto unha pequena praia fluvial. Esta mesma situación repetiuse en diferentes puntos a medida que continuabamos a nosa andaina ata chegar a dúas zonas con presenza de rebrotes. Estivemos acompañados polo capataz da brigada da DXPN, Félix, que nos comentou as accións que levan facendo na zona dende fai anos.

O proceso de eliminación da *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon* consistiu en arrancar a planta de raíz, eliminando a maior raíz posible, ou realizando un anel de descortizado (eliminar parte da cortiza do tronco en forma de anel para promover o secado da planta e, finalmente, a súa morte) naqueles exemplares de maior porte. A xornada durou todo o día, regresando contentos do traballo realizado. Puidemos observar noutra zona tratada anteriormente pola presenza de manchas de bambú *(Phyllostachys* sp), uns pequenos rebrotes desta especie que foron retirados de raíz. Neste lugar foron eliminados tamén varios pes de *R. pseudoacacia*.



O domingo, para rematar, fixemos unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e o río Alén. O roteiro do Alén, incluído dentro da rede natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de amieiro (Alnus glutinosa) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e unha carballeira termófila caracterizada polo carballo *(Quercus robur*) e o loureiro (*Laurus nobilis*), un dos bosques máis ameazados de Galicia, con presenza de moitos dos fentos que podemos atopar nas ribeiras dos ríos galegos. Un paseo que completou un fin de semana de traballo, descuberta e conservación da nosa biodiversidade natural.



## 2.7: Roteirríos 2021

En 2021 dende o Proxecto Rios retomamos unha das actividades máis emblemáticas do programa. Son os Roteirríos, actividades que pretenden poñer en valor ríos do noso país a través da realización de itinerarios e roteiros.

Este ano estarán dedicados a coñecer unha das figuras de protección recentemente creadas para a protección dos ríos: as Reservas Naturais Fluviais. Estas declaracións de protección abranguen espazos fluviais que posúen un elevado interese por atoparse practicamente inalterados. Son lugares de difícil acceso onde as actividade humanas non inciden de forma negativa, polo que constitúen un reservorio de biodiversidade. Dende o Proxecto Ríos faremos dúas rutas por estes lugares.



A primeira foi o pasado 12 de xuño. Fomos visitar o río Ouro ou rego da Furna, na serra do Xistral, que tamén é un lugar de interese comunitario e está na Rede Natura 2000.

Comezou a ruta na Capela de Santa Filomena, para baixar, dende alí, cara o rego da Furna. Subiuse pola beira do cauce do río aproximadamente durante medio quilómetro, onde se puido apreciar a biodiversidade que alberga o bosque de ribeira. Logo, o itinerario discorreu por unha das ladeira do rego xa que este vai moi encaixado e sube cara os cumios da serra do Xistral rodeando o alto do Cadramón.



Durante o camiño acompañounos unha espesa e persistente néboa que impediu que se apreciara en toda a súa magnitude a contorna da serra e da bacía do río. Puidemos observar aínda así no rego de Cadramón, un exemplar de *Lissotriton boscai* e tamén de *Hirudo medicinalis*. Tamén atopamos pola contorna do camiño dúas plantas carnívoras: *Drosera rotundifolia* e *Pinguicula vulgaris*.

Logo de percorrer aproximadamente 12 Km regresamos ata a capela onde se puxo fin á actividade do primeiro roiterríos de 2021 por unha das Reservas Naturais Fluviais da demarcación hidrográfica de Augas de Galicia.





## 2.8: XVII Encontro de Voluntariado

Celebrouse o 17 de Xullo de 2021e ao igual que en 2020 tivo lugar no río Arnego, espazo natural protexido do Sobreiral do Arnego no que ADEGA ten un acordo de custodia do territorio, unha parcela de vinte hectáreas na zona de conservación do espazo da Rede Natura 2000. A parcela ten boa parte da súa contorna á beira do río Arnego na que se teñen realizado diferentes actuacións de estudo e conservación nos últimos anos.





A temática do encontro foron os morcegos, o seu estudo así como os programas de seguimento. Os morcegos ou quirópteros son un grupo de vertebrados que cumpre unha función moi importante nos ecosistemas, que se alimentan basicamente de insectos e que están moi ameazados por diferentes motivos: destrución do seu hábitat e refuxios, persecución pola súa mala fama, etc.

O estudo e análise das comunidades de morcegos ten logo un interese dobre; por unha banda coñecer máis este grupo de vertebrados e ao tempo "usalos" para o estudo dos ecosistemas fluviais ao ser especies bioindicadoras.

O encontro comezou as 18:00 h na área fluvial de Carmoega, á beira do río Arnego. Dende alí, o grupo de voluntariado, composto por unha ducia de persoas, desprazouse ao Sobreiral, nomeadamente á finca custodiada onde se realizou a primeira actividade do día, que consistiu en revisar as caixas para morcegos instaladas nos anos 2018 e 2020.

A actividade estivo guiada por Xosé Pardavila, especialista en morcegos que leva colaborando con Proxecto Ríos-ADEGA nesta iniciativa de custodia do territorio e que participa en numerosos proxectos na península. Na inspección das caixas colocadas non se atopou ningunha ocupada, porén en revisións anteriores si apareceron morcegos ocupando algunha das máis de 50 que hai na zona.

Continuamos a actividade coa instalación de redes para a captura de morcegos, que nada máis saír dos seus refuxios saen a beber e a alimentarse da gran cantidade de insectos que habitan no río. As redes revísanse cada pouco tempo e os morcegos que comezan a caer vanse gardando para o seu posterior estudo, que consiste en determinar a especie polas súas características e sexo a tomar medidas como o peso ou o tamaño das extremidades e a recoller mostras biolóxicas: sangue e xenética. Desta volta capturáronse 7 exemplares dunha soa especie, o morcego de ribeira (Myotis daubentonii). Os exemplares vanse liberando a medida que se recollen os datos.

Para concluír a xornada, realizouse unha pequena formación sobre o Programa Quirorios. Esta iniciativa pretende coñecer o estado ecolóxico dos bosques de ribeira a partir da actividade dos morcegos acuáticos. Explicouse a metodoloxía de mostraxe e realizouse unha proba do mesmo por parte dos participantes.





## 2.9: XIV Limpeza Simultánea de Ríos

### 991 persoas retiran máis 14 tn de residuos na XIV Limpeza simultánea de ríos do Proxecto Ríos



Fomos novamente moitas as persoas as que nos mollamos polos ríos na XIV Limpeza Simultánea. Houbo grupos grandes e pequenos, de nenos e nenas e de maiores. Limpáronse grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todas e todos tiñamos o mesmo obxectivo: coidar os nosos ríos e concienciar á sociedade da necesidade de que estean ben conservados. O domingo 26 de setembro de 2021 realizouse a XIV Limpeza Simultánea de Ríos en 51 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais… até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 67 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Pontevedra ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 55 treitos de río e participaron 889 persoas, unha boa participación para os tempos que corren.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas… de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes catorce anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2021 volveron a aparecer rodas de automóbiles, algún que outro colchón e electrodoméstico.

### Aínda se verten moitos residuos aos ríos

Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos… Apareceron rodas, baterías e motores de automóbiles, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, colchóns, algún televisor e entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc… As toalliñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e tamén máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras. No reconto, calculamos que os residuos de tódolos concellos suman máis de 13 toneladas, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, somos, por outra banda, unha masa de xente que axuda a concienciar á sociedade

| Concello | Grupo | Voluntarios/as | Rio | Kg |
|---|---|---|---|---|
| A Estrada | Asoc. A Xesteira | 13 | Vea | 300 |
| | Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares | 8 | Liñares | 850 |
| A Cañiza | Fundación MundoNatura | 3 | Acebal | 100 |
| A Guarda | Asoc. A Jalleira | 12 | Tamuxe | 50 |
| Allariz | CEA O Rexo | 35 | Arnoia | 200 |
| A Laracha | Concellaría de Cultura | 15 | Vilán | 300 |
| Ames | Aula da Natureza do Concello de Ames | Sen datos | | |
| A Merca | Asoc. Xuvenil Xoldreira | 15 | Arnoia | 20 |
| Ares | Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta Catalina de Montefaro<br>Concello de Ares | 5 | Frades | 230 |
| Arzúa | Asoc. Pescadores do Iso | 4 | Iso | 50 |
| As Pontes | Asoc. EuroEume | 9 | Eume | 70 |
| Baamonde | Cercud (Centro Cultural Recreativo e Deportivo) | 10 | Parga | 29 |
| Betanzos | Fragas do Mandeo | 8 | Mendo | 287 |
| Cangas | ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa | 40 | Rego Saiñas | |
| Castro de Rei | Asoc. Cultural e Deportiva Amigos do Miño | 10 | Miño | 200 |
| Carballo | ADEGA Carballo | 3 | Anllóns | 65 |
| Carral | Asoc. Brexa | 35 | Brexa e Barcés | 100 |
| Catoira | Ecoloxistas de Catoira<br>ANPA As Lombas | 21 | Catoira | 100 |
| Cenlle | Asoc. Veciñal Lentille | 4 | O Regheiro | 30 |
| Coruña, A | Oficina de Medio Ambiente da UDC | 2 | Lagar | 6 |
| Culleredo | Colectivo Pedras Galladas | 9 | Charca Laboral | 500 |
| Fene | AETNA | 19 | Baa | 200 |
| | Asoc. Betula | 30 | Baa | 400 |
| Foz | Voluntarias do Concello de Foz | 12 | Alenparte | 70 |
| Gondomar | Voluntarios/as do Proxecto Ríos de Gondomar | 27 | Zamáns | 1.000 |
| | Concello de Gondomar | 40 | Miñor | 1.500 |
| Lugo | ADEGA Lugo e Coidemos Lugo | 11 | Castelo de abaixo | 300 |
| | UNED Lugo | 14 | Rato | 50 |
| Marín | Grupo Cultural Ronsel | 16 | Loira | 90 |
| Meis | CPI Mosteiro-Meis<br>Concellaría de Cultura. Concello de Meis<br>Comunidade de Montes de San Tomé | 43 | Rego San Tome | 200 |
| Melide | Asoc. Melidá | 9 | Furelos | 250 |
| Muiños | Asoc. A Corga do Barxés | 9 | Muiños | 150 |
| Navia de Suarna | Asoc. Veciñal Irmandade Naviega | 6 | Curveira | 80 |
| Negreira e A Baña | Asoc. Afonso Eanes | 9 | Rego de Duomes | 150 |
| Nigrán | Concello de Nigrán / Oficina de Información Cidadá | 19 | Muiños | 250 |
| O Grove | IES As Bizocas | 21 | Bizocas | 5 |
| Ourense | Ecovixiantes de Franciscanas | 25 | Lonia | 300 |
| | Aula da Natureza de Ourense | 8 | Miño | 100 |
| Padrón | Asociación Naturalista Hispella | 12 | Ulla | 185 |
| Parada de Sil | A Fábrica da Luz | 2 | Mao | 5 |
| Ponteareas | Plataforma pola Defensa do Tea | 15 | Tea | 400 |
| Pontevedra | Vaipolorío<br>Fundación Juan XXIII | 22 | Gafos | 80 |
| | Asoc. Quilombo | 7 | Valdecorvos | 200 |
| Porriño | Valora Natura | 13 | Louro | 80 |
| Redondela | AAVV Chapela | 39 | Maceira-Espiñedo | 1.000 |
| | Asoc. Artelixo | 20 | Pexegueiro | 1.000 |
| Rianxo | AAVV do Araño | 6 | Te | 90 |
| Ribadumia | Colectivo Ecoloxista do Salnés | 16 | Umia | 200 |
| Salceda de Caselas | Asoc. Trezecatorze | 20 | Landres | 120 |
| Santiago de Compostela | ADEGA Compostela<br>Gentalha do Pichel | 20 | Sarela | 265 |
| | AFA Montessori | 20 | Sar | 70 |
| Teo | Concello de Teo | 10 | Rego das Laxes | 100 |
| Tomiño | Concello de Tomiño. Concellaría de M.A. | 10 | Furnia e da Pedra | 90 |
| Valga | Muiño Didáctico de Campaña | 12 | Valga | 170 |
| Verín | Asoc. CDR Portas Abertas<br>Concello de Verín | 12 | Támega | 150 |
| | Stars Nature Watchers | 26 | Támega | 50 |
| Vigo | Asoc. Bidueiro | 39 | Lagares | 1.250 |
| Vilalba | ANPA CEIP Antonio Bermúdez | 55 | Madalena | 300 |
| Xinzo de Limia | Concellaría de Cultura e Mocidade | 27 | | |
| Xunqueira de Ambía | Iniciativa Xunqueira | 9 | Arnoia | 10 |
| **TOTAL- 51** | **67** | **991** | **61** | **14.397** |





## 2.10: Gravación vídeos do Proxecto Ríos

Unha das propostas de accións para desenvolver en 2021 por parte do Proxecto Ríos foi a edición de pequenos vídeos que sirvan de guía para a realización das inspeccións do proxecto. Así, ao longo de 2021 elaborouse un guión e fíxose unha xornada de gravación de imaxes recursos e entrevistas. Neste momento todo o material gravado está en fase de edición e montaxe. Os vídeos estarán listos para o inicio da campaña de primavera de 2022.

A continuación poñemos algunha imaxe da xornada de gravación.







## 2.11: Proxecto Erasmus+ Living River

O lema do proxecto é: Coidando e Protexendo a Vida e Cultura ao Redor dos Ríos e Regatos.

En 2021 continuaron os experimentos por parte dos centros de ensino, que avanzaron tamén na parte histórica e etnográfica do proxecto. Dende o Proxecto Ríos fíxose acompañamento das saídas sempre que foi posible.

A finais de xuño tivo lugar un intercambio de alumnado en formato online, no que os participantes dos diferentes países puideron intercambiar opinións e resultados dos experimentos.



No segundo semestre de 2021 realizouse o encontro entre profesorado e o penúltimo meeting dos socios participantes, Estas actividades foron en Brasov, Romanía na semana do 19 ao 24 de outubro de 2021.





Tamén, no que respecta aos centros de ensino participantes en Galicia, o pasado 22 de novembro desenvolveuse o encontro final entre o alumnado participante no proxecto: IES de Brión, IES de Melide e IES Xelmirez I de Santiago de Compostela. Ademais de realizar unha inspección no río Arnoia, visitáronse os museos da moda e do coiro na vila de Allariz. Os/as alumnos e alumnas puideron compartir e ampliar, nunha xornada lúdica, os seus coñecementos sobre o papel dos ríos nos aspectos culturais, sociais e naturais.

O derradeiro meeting, e que suporá a clausura do proxecto, será en Lisboa os días 13 e 14 de decembro de 2021. Os materiais editados están xa a disposición de todas as persoas que queiran consultalos na web do Proxecto Living River: http://www.livingriver.eu/

## 2.12: LIFE INVASAQUA

O Proxecto LIFE INVASAQUA no que o Proxecto Ríos colabora dende o ano 2019 retomou durante o 2021 a normalidade na realización das actividades.

Dende o Proxecto Ríos participamos, como entidade ecoloxista que traballa con voluntariado nos ríos, nun documental que está a elaborar un dos socios do proxecto, a Axencia EFE. A gravación realizouse como unha entrevista no Monte Xiabre, en Vilagarcía de Arousa.



Outra das actividades realizadas foron saídas formativas cos centros de ensino que participan no proxecto en colaboración coa ASPEA (Associação Portuguesa de Educação Ambiental), nomeadamente o IES de Salvaterra e o IES San Paio de Tui.



O alumnado participante tivo a oportunidade de participar tamén na Conferencia Ibérica organizada en Benavente (Portugal) en xuño deste ano, na que compartiron actividade sobre as especies exóticas invasoras con alumnado de escolas portuguesas.




Para o resto de 2021, dende o Proxecto Ríos, realizaremos as saídas formativas cos centros de ensino durante a campaña de outono. Tamén comezaremos o organizar a II Conferencia Ibérica que será en primavera de 2022 en Galicia.

## 2.13: Interreg DiadES

O Interreg DiasES no que Proxecto Ríos-ADEGA participa como unha das partes interesadas sufriu tamén as consecuencias da CoviD 19, e moitas das reunións e actividades programadas para o ano 2021fixéronse de forma telemática.

Na parte na que o Proxecto Ríos participa é aportando opinión sobre a creación dun dos materiais que servirán para divulgar o valor que os peixes migradores teñen para a sociedade e o medio natural. Trátase dun xogo educativo no que existen diferentes actores e que trata cuestións relacionadas cos beneficios ecosistémicos dos peixes diádromos.

Asistimos a unha xuntanza telemática de traballo na que se expuxeron as liñas mestras do que será o xogo.



Usted está viendo la pantalla de Margaux HERSCHEL
Ver Opciones
WP 7.2 – Game design & Gameplay
Schematization
Manager 1
Objectives
- 1 biodiversity
- 3 ecosystemic services
Action 1
Action 2
...
Action 9
Action 10
Catchment 1
Climate change
Interreg Atlantic Area
DiadES
INRAE
14
Marie LECOMTE...
Participantes (16)
Buscar un participante
Paco Banhobre (ADEGA_Prox... (Yo)
Margaux HERSCHEL (Anfitrión)
Cristina Marta-Pedroso
Angela Muench
Géraldine Lassalle (I... (Coanfitrión)
Patrick Lambert (IN... (Coanfitrión)
Marie LECOMTE CNPMEM
Arantza Murillas
Barry Bendall, The Rivers Trust
David J. Nachón García (USC)
Esti Díaz
Marine Porteneuve
Matthew Ashley
Rufino Vieira
Samuel CHAPLAIS (UFBLB)
William Roche




Margaux HERSCHEL
Paco Banhobre (ADEGA_Proxecto Ríos)
Patrick Lambert | INRAE
Samuel CHAPLAIS (UFBLB)
Barry Bendall, The Rivers Trust
Angela Muench
Cristina Marta-P...
Arantza Murillas
Marine Portene...
Marie LECOMTE...
Géraldine Lassal...
David J. Nachón...
Rufino Vieira
Matthew Ashley




## 2.14: Comunicación

